

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14812 *Real decreto 1276/2011, do 16 de setembro, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.*

A Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade e o seu protocolo facultativo foron aprobados o 13 de decembro de 2006 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas (ONU). Ambos son tratados internacionais que recollen os dereitos das persoas con discapacidade así como as obrigas dos Estados parte de promover, protexer e asegurar eses dereitos.

Esta convención é o resultado dun longo proceso, no cal participaron varios actores: Estados membros da ONU, observadores da ONU, corpos e organizacións de especial relevancia da ONU, relator especial sobre discapacidade, institucións de dereitos humanos nacionais, e organizacións non gobernamentais, entre as cales tiveron un papel destacado as organizacións de persoas con discapacidade e as súas familias, e moi sinaladamente as españolas.

España ratificou a Convención e o seu protocolo facultativo por Instrumento de ratificación da Xefatura do Estado, publicado no «Boletín Oficial del Estado» do 21 de abril de 2008, e entrou en vigor o 3 de maio deste mesmo ano. A partir deste momento, e conforme o establecido no número primeiro do artigo 96 da Constitución española de 1978, forma parte do ordenamento interno, polo que resulta necesaria a adaptación e modificación de diversas normas para facer efectivos os dereitos que a Convención proclama e garante. Así mesmo, a Unión Europea, por Decisión do Consello do 26 de novembro de 2009, aprobou a Convención internacional das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, convención da cal é parte desde o pasado 23 de decembro de 2010.

O texto constitucional regula no seu artigo 49 a atención ás persoas con discapacidade combinando dous mandados de diferente signo. O primeiro mandado, que se enmarca no modelo de Estado social e democrático, e que entronca co principio de igualdade material recollido no artigo 9.2, prevé unha serie de accións por parte dos poderes públicos consistentes na posta en marcha dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración. O segundo mandado, que se inscribe no contexto do Estado de dereito e conecta co artigo 14 e a prohibición de discriminación, sinala que os poderes públicos «amparán especialmente as persoas con discapacidade para o disfrute dos dereitos que este título» –o título I da Constitución– «outorga a todos os cidadáns». Pola súa parte, o artigo 10.1 establece a dignidade da persoa como fundamento da orde política e da paz social.

A interpretación conxunta destes artigos confire aos termos «previsión», «tratamento», «rehabilitación» e «integración» un sentido integral acorde co enfoque social da discapacidade na Convención, que a configura como un complexo conxunto de condicións, moitas das cales están orixinadas polo contorno social.

O artigo 49 da Constitución, cando impón aos poderes públicos a obriga de amparar especialmente as persoas con discapacidade para o disfrute dos dereitos que o título I outorga a todos os cidadáns, recoñece que a discapacidade non pode impedir ou obstaculizar a plena titularidade e o exercicio efectivo e real dos dereitos fundamentais, en liña co previsto na Convención.

A modificación normativa obxecto deste real decreto encontra o seu fundamento no artigo 4 da Convención, en virtude do cal os Estados parte se comprometen a adoptar todas as medidas legislativas, administrativas e doutra índole que sexan pertinentes para asegurar o pleno exercicio de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais das persoas con discapacidade sen ningunha discriminación por motivos de discapacidade.

Así mesmo, mediante Acordo do Consello de Ministros do 30 de marzo de 2010, aprobouse o Informe sobre as medidas necesarias para a adaptación da lexislación

española á Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade e encomendouse aos entón dezaseis ministerios afectados que, no ámbito das súas competencias, impulsasen as reformas comprometidas nel, sempre dentro das dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada momento.

O obxectivo deste real decreto, por tanto, é adecuar a regulación regulamentaria vixente en materia de discapacidade ás directrices da Convención, na liña marcada pola Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

En materia de transportes, a modificación realizada no Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transportes para persoas con discapacidade, ten como finalidade incluír os plans de accesibilidade en todos os sectores do transporte e establecer un criterio para deslindar as grandes infraestruturas e servizos das de pequena entidade.

Adécuase o disposto no Regulamento sobre as condicións básicas para a accesibilidade das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social, aprobado polo Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, ao establecido na Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, en materia de accesibilidade á internet.

En materia de protección civil, a modificación consiste en garantir a asistencia en xeral das persoas con discapacidade, regular protocolos de actuación específicos, así como incluír nos cursos de formación materias relacionadas coa asistencia a persoas con discapacidade.

Respecto ao desenvolvemento da función testifical, e á vista dos actuais medios de apoio ás persoas con discapacidade, modifícase o Regulamento da organización e réxime do notariado, co fin de adaptalo ás previsións da Convención recollidas nos artigos 2 e 12.

En materia de sanidade, os cambios realizados están dirixidos a garantir o dereito de acceso á información das persoas con discapacidade. Para isto, prevese a utilización de formatos adecuados na información que se proporciona ao paciente e a asistencia e o apoio na prestación de consentimento das persoas con discapacidade.

Esta norma foi sometida a consulta do Consello Nacional da Discapacidade, no cal participan as organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias, e a informe do Consello de Consumidores e Usuarios. Así mesmo, consultáronse as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade, Política Social e Igualdade, de Xustiza, do Interior, de Fomento, de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.*

O Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O número 1 do anexo IX. Medidas transversais, queda redactado como segue:

«1. Carácter complementario das medidas transversais.

As medidas que contén este anexo serán de aplicación cando non haxa ningunha específica sobre a materia no anexo sectorial correspondente.

Consideraranse condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para as infraestruturas e servizos de pequena entidade, que son as que teñen un tráfico igual ou menor a 750 viaxeiros/día, en media anual, as indicadas nos puntos 3, 4.c), 5.2 in fine, 6, 8 e 10, fronte ás de grande entidade, cun tráfico maior a 750 viaxeiros/día, para as cales todas as normas deste real decreto son de obrigado cumprimento».

Dous. Engádesse un novo número 11 ao anexo IX. Medidas transversais, que queda redactado como segue:

«11. Plans de accesibilidade.

11.1 Os organismos públicos ou, se é o caso, as administracións públicas titulares do servizo de transporte, nas instalacións cun tráfico maior a 750 viaxeiros/día, en media anual, deberán elaborar un plan de accesibilidade que incluírá, no que sexa procedente, como mínimo o seguinte:

- Medidas de acceso aos edificios.
- Elementos básicos de información, que comprenderán descrición dos medios relativos a sinalización visual e acústica.
- Servizo de atención ao viaxeiro nas condicións previstas no número 2 deste anexo, puntual ou permanentemente, ata dispor de accesibilidade universal autónoma nas instalacións.
- Desprazamentos polo interior dos edificios, con enumeración das medidas que se van adoptar para conseguir que o tránsito ao modo de transporte sexa practicable, incluíndo o material auxiliar a que se refire o número 5 deste anexo.
- Condicións de accesibilidade aos elementos dos edificios de uso xeral, tales como aseos, ramplas, mostradores, escaleiras, ascensores e calquera outro de uso xeral ao público que conduzan aos servizos do transporte.
- Medios de acceso aos distintos transportes.

A aprobación dos plans de accesibilidade corresponde ás administracións públicas titulares do servizo de transporte, e nos organismos públicos, ao seu órgano de goberno e administración.

11.2 Os organismos públicos ou, se é o caso, os titulares das instalacións de transporte, cun tráfico igual ou inferior a 750 viaxeiros/día deberán, sempre que a súa xestión o permita, como mínimo, e sen prexuízo das obrigas aplicables indicadas neste anexo XI, facilitar as medidas de acceso aos distintos transportes e os elementos básicos de información de accesibilidade.»

Tres. Modifícase a redacción do parágrafo primeiro do número 3.3 do anexo I, que queda redactado como segue:

«De acordo coa lonxitude do tren, deberá haber nel, polo menos, o número de espazos para viaxeiros en cadeira de rodas, que realicen a viaxe sen abandonar a súa cadeira, que indica a táboa seguinte:

Lonxitude do tren	Número de espazos para viaxeiros en cadeiras de rodas
Inferior a 205 metros	2 espazos para cadeiras de rodas.
205 a 300 metros	3 espazos para cadeiras de rodas.
Superior a 300 metros	4 espazos para cadeiras de rodas.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.*

O parágrafo segundo do artigo 5.1 do Regulamento sobre as condicións básicas para a accesibilidade das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social, aprobado polo Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, terá a seguinte redacción:

«Excepcionalmente, esta obriga non será aplicable cando unha funcionalidade ou servizo non dispoña dunha solución tecnolóxica que permita a súa accesibilidade.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma básica de protección civil.*

Modifícase a letra f) do número 4 da Norma básica de protección civil, que queda redactada como segue:

«f) Definición das medidas de protección á poboación, garantindo a asistencia ás persoas con discapacidade, que teñen por obxecto evitar ou minimizar os efectos adversos do risco, debéndose considerar como mínimo as seguintes:

- Control de accesos.
- Avisos á poboación.
- Refuxio ou illamento no propio domicilio ou en lugares de seguranza.
- Evacuación nas súas distintas variantes.
- Asistencia sanitaria.

Por ser obxectivo prioritario, os procedementos operativos e os medios empregados deben ser tales que se poida asegurar a adopción destas medidas no momento oportuno.»

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 1546/2004, do 25 de xuño, polo que se aproba o Plan Básico de Emerxencia Nuclear.*

Engádesse un último parágrafo ao número 4 do título primeiro do Plan Básico de Emerxencia Nuclear (Plaben), nos seguintes termos:

«En todo caso, estes plans deberán prever protocolos de actuación específicos para garantir a asistencia ás persoas con discapacidade.»

Artigo quinto. *Modificación do Real decreto 1564/2010, do 19 de novembro, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco radiolóxico.*

Engádesse un último parágrafo ao número 5 do título I da Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco radiolóxico, coa seguinte redacción:

«En todo caso, estes plans deberán prever protocolos de actuación específicos para garantir a asistencia ás persoas con discapacidade, tanto no nivel de resposta interior como no nivel de resposta exterior.»

Artigo sexto. *Modificación do Real decreto 1123/2000, do 16 de xuño, polo que se regula a creación e implantación de unidades de apoio ante desastres.*

Engádesse un novo número 2 ao artigo 6 do Real decreto 1123/2000, do 16 de xuño, polo que se regula a creación e implantación de unidades de apoio ante desastres, que queda redactado como segue:

«2. Os cursos de formación complementaria incluírán formación específica en materias e aspectos destinados a garantir a seguraza e protección das persoas con discapacidade.»

O actual número 2 pasa a ser o 3.

Artigo sétimo. *Modificación do Regulamento de organización e réxime do notariado, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944.*

O parágrafo 1.º do artigo 182 do Regulamento de organización e réxime do notariado queda redactado como segue:

«1.º As persoas que non posúan o discernimento necesario para coñecer e para declarar ou para comprender o acto ou contrato a que o instrumento público se refire.»

Artigo oitavo. *Modificación do Real decreto 2070/1999, do 30 de decembro, polo que se regulan as actividades de obtención e utilización clínica de órganos humanos e a coordinación territorial en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos.*

O Real decreto 2070/1999, do 30 de decembro, polo que se regulan as actividades de obtención e utilización clínica de órganos humanos e a coordinación territorial en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos, queda modificado do seguinte modo:

Un. O primeiro parágrafo do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«1. Nas ditas actividades deberanse respectar os dereitos a que se refiren o artigo 10 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, o artigo 9 da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, e as normas e principios recollidos na Lei 30/1979, do 27 de outubro, sobre extracción e transplante de órganos, concretamente os de voluntariedade, altruísmo, gratuidade, ausencia de ánimo de lucro e anonimato, de forma que non sexa posible obter compensación económica nin de ningún outro tipo pola doazón de ningunha parte do corpo humano.»

Dous. A letra c) do número 1 do artigo 9 queda redactada do seguinte modo:

«c. O doador deberá ser informado previamente das consecuencias da súa decisión, e debe outorgar o seu consentimento de forma expresa, libre, consciente e desinteresada. A información e o consentimento deberanse efectuar en formatos adecuados, seguindo as regras marcadas polo principio de deseño para todos, de maneira que resulten accesibles e comprensibles ás persoas con discapacidade.»

Tres. O número 1 do artigo 15 queda modificado nos seguintes termos:

«1. O transplante de órganos humanos só se poderá efectuar en centros autorizados para isto, co consentimento previo e escrito do receptor ou dos seus representantes legais, conforme prevé o artigo 9 da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, e logo de información dos riscos e beneficios que a intervención supón, así como dos estudos que sexan tecnicamente apropiados ao tipo de transplante de que se trate en cada caso.»

Artigo noveno. *Modificación do Real decreto 1301/2006, do 10 de novembro, polo que se establecen as normas de calidade e seguraza para a doazón, a obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, a almacenaxe e a distribución de células*

e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos.

O Real decreto 1301/2006, do 10 de novembro, polo que se establecen as normas de calidade e seguranza para a doazón, a obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, a almacenaxe e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos, queda modificado do seguinte modo:

Un. Engádesse un novo número 3 ao artigo 7 coa seguinte redacción.

«3. A información e o consentimento deberanse efectuar en formatos adecuados, seguindo as regras marcadas polo principio de deseño para todos, de maneira que resulten accesibles e comprensibles ás persoas con discapacidade.»

O actual número 3 pasa a ser o 4.

Dous. O segundo parágrafo do número 1 do artigo 8 queda modificado nos seguintes termos:

«No caso de se tratar de menores ou persoas con capacidade modificada xudicialmente, a oposición á doazón poderaa facer constar quen tivese en vida daqueles a súa representación legal. Tratándose de persoas con discapacidade, deberanse ter en conta as circunstancias persoais do individuo, a súa capacidade para tomar a dita decisión en concreto e deberase prever a prestación de apoio para a toma destas decisións.»

Artigo décimo. *Modificación do Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións mínimas da hemodoazón e dos centros e servizos de transfusión.*

O Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións mínimas da hemodoazón e dos centros e servizos de transfusión, queda modificado do seguinte modo:

Un. Engádesse un segundo parágrafo ao artigo 6, coa seguinte redacción:

«A información deberase efectuar en formatos adecuados, seguindo as regras marcadas polo principio de deseño para todos, de maneira que resulten accesibles e comprensibles ás persoas con discapacidade.»

Dous. Modifícase o artigo 9, que queda redactado do seguinte modo:

«Os candidatos a doadores de sangue ou compoñentes sanguíneos serán sometidos a un recoñecemento previo a cada extracción, realizado mediante cuestionario e entrevista persoal a cargo dun profesional sanitario debidamente cualificado. En todo caso, teranse en conta, ao efectuar o recoñecemento previo, as circunstancias persoais do individuo, e adoptaranse medidas adicionais que permitan a eficaz transmisión e comprensión de información ás persoas con discapacidade.»

Tres. O artigo 22 queda modificado nos seguintes termos:

«A información que se debe facilitar aos doadores de sangue ou compoñentes autólogos será como mínimo a que se especifica nos números 2, 5 e 10 do anexo I.A.

A información deberase ofrecer en formatos adecuados, seguindo as regras marcadas polo principio de deseño para todos, de maneira que resulten accesibles e comprensibles ás persoas con discapacidade.»

Artigo décimo primeiro. *Modificación do Real decreto 223/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos.*

Un. Modifícase a letra m) do artigo 2 do Real decreto 223/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos, que queda redactado nos seguintes termos:

«m. Consentimento informado: decisión, que debe figurar por escrito e estar datada e asinada, de participar nun ensaio clínico adoptada voluntariamente por unha persoa capaz de dar o seu consentimento tras ser debidamente informada e documentada acerca da súa natureza, importancia, implicacións e riscos.

No suposto de que o suxeito teña un impedimento para escribir, o consentimento poderase outorgar de forma oral en presenza de, polo menos, unha testemuña.

Cando quen deba outorgar o consentimento sexa unha persoa con discapacidade, a información ofreceráselle en formatos adecuados, segundo as regras marcadas polo principio de deseño para todos, de maneira que lle resulte accesible e comprensible, e arbitraranse as medidas de apoio pertinentes para favorecer que poida prestar por si o seu consentimento.

Cando o suxeito do ensaio non sexa unha persoa capaz para dar o seu consentimento, a decisión deberaa adoptar o seu representante legal nos termos previstos no artigo 7.»

Dous. O número 10 do artigo 3 queda redactado da seguinte maneira:

«Os suxeitos do ensaio disporán dun punto onde poidan obter maior información sobre o ensaio, que constará na folla de información para o suxeito.

No caso de persoas con discapacidade, esta información complementaria ofrecerase na forma prevista na letra m) do artigo anterior.»

Disposición adicional primeira. *Designación de mecanismo independente para promover, protexer e supervisar en España a Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.*

Sen prexuízo das funcións do Defensor do Pobo como alto comisionado para a defensa dos dereitos humanos, e para os efectos do número 2 do artigo 33 da Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, désignase o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), como asociación de utilidade pública máis representativa no ámbito estatal dos diferentes tipos de discapacidade, como mecanismo independente para promover, protexer e supervisar a aplicación en España do citado tratado internacional.

Disposición adicional segunda. *Subministración de información das comunidades autónomas.*

De acordo cos principios de información mutua e colaboración entre administracións públicas e co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co fin de garantir o cumprimento das obrigas internacionais, as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, remitirán anualmente e por vía electrónica á Dirección Xeral de Coordinación de Políticas Sectoriais sobre a Discapacidade do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade datos estatísticos sobre a situación das persoas con discapacidade relativos ao recoñecemento de grao de discapacidade, mobilidade, idade, sexo e datos sobre prestacións ou beneficios recoñecidos polas administracións autonómicas, así como aqueloutros datos que se acorden cos órganos competentes das comunidades autónomas. O formato dos ditos datos establecerase mediante acordo entre a Dirección Xeral de Coordinación de Políticas Sectoriais sobre a Discapacidade do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade e os órganos competentes das comunidades autónomas.

Disposición adicional terceira. *Plans de accesibilidade nos portos de interese xeral.*

Os portos de interese xeral en que haxa liñas regulares de viaxeiros cun tráfico superior a 200.000 pasaxeiros/ano, así como as estacións marítimas que igualmente teñan actividades de cruceiro cun tráfico superior á dita cantidade, deberán dispor dos plans de accesibilidade a que se refire o número 11 do anexo IX do Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o disposto na letra c) do número 2 do artigo 2 do Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña a este real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante, os plans de accesibilidade regulados no artigo primeiro entrarán en vigor nun prazo máximo de oito anos desde a entrada en vigor deste real decreto.

Dado en Madrid o 16 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO